

Cartafol da LINGUA

ES PAZOS

BOLETÍN DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA Nº 5



*"Encherémo-las velas ca
luz náufraga da madrugada..."*

Manuel Antonio


A vida sempre ten un novo reto que ofrecernos. A capacidade e mailas gañas que teñamos de afrontalos han ser indicativos de se nos atopamos entre os organismos vivos, se quedamos á marxe, ou ficamos definitivamente fosilizados.

Por suposto, eu, como educadora, sempre vos recomendarei que esteades alerta e procuredes mantervos entre os organismos vivos: tede os ollos ben abertos, rapaces, prestade atención a todo o que rebole, facede un esforzo de interpretación e argallade un xeito de participardes vós en todo iso que vos chama a atención. Tede en conta que, aínda que sodes moi noviños, a actitude que adoptedes agora determinará en boa medida o voso futuro.

Queremos que saibades que foi todo un reto crear un Equipo de Normalización Lingüística neste instituto e outro non menos importante que funcionase coa colaboración dunha parte significativa do alumnado. Agora, despois de tres anos de esforzo, podemos estar orgullosos de que o noso método de traballo – aberto a todos cantos queiran colaborar e profundamente democrático- está consolidado e...¡funciona! Poden cambia-los colaboradores (cada ano marchan uns e esperamos recibir outros) ou a persoa encargada da coordinación do equipo, pero o proceso segue en marcha.

Por iso, da mesma maneira que vos sentistes embargados de orgullo colectivo cando, o día do Magosto, cada clase saía co seu flamante mural listo para mostrar ós demais, tamén nós vos entregamos con inmensa ledicia un novo número do Cartafol da Lingua, o primeiro deste curso, o noso voceiro plural.

Anxos García Fonte



Creditos:

Noelia Casteleiro
Sonia Dapena
Leticia Sanchez
Daniel Castro
Noemí Lorenzo
Verónica Fernández
Clara Prego
Irene Amevénos
David Pena
Iria Rodríguez
Juan María Díaz Riveiro
María Luisa Piñeiro

Noel Blanco
Santiago Malvárez
Luz María Freire
Carmen Parra
Carmen Loureiro
Iago Roca
Xosé Luis Mosquera
Covadonga Rodríguez-
Maldes
Pilar Garcia
Concha Hernández
Auxos Garcia



O Reporteiro Lingoreteiro



A VIAXE DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E ACHEGADOS A CURTIS

O día 7 de novembro os membros do equipo de normalización e algúns alumnos máis deste centro fomos de visita ó IES de Curtis. No transcurso da viaxe fixemos tres visitas.

A primeira foi a unha fábrica de taboeiros de madeira (LOSAN). Alí fomos guiados por un membro da fábrica que nos amosou o seu interior e explicounos como se facían os taboeiros. Agasalláronnos cunhas mostra de táboas coas que pensamos cubri-lo chan do novo ximnasio, pero non resultaron ser dabondo. Nesta fábrica os alumnos de Curtis e Mugardos dividímonos en dous grupos porque non podíamos entrar todos ó mesmo tempo na fábrica. Deste xeito, mentres un grupo se adicaba a ve-la fábrica, o resto confraternizaba no autobús.

Rematada esta visita dirixímonos ó mosteiro de Sobrado. Nesta ocasión o guía foi un monxe que empezou por mostrarno-la inmensa lareira medieval, a fermosísima sala capitular perfectamente reconstruída e a impresionante igrexa que aínda está en obras.

O seguinte paso foi procura-las viandas para xantar no instituto de Curtis ás que, por certo estabamos convidados.

Pola tarde realizamos aínda outra visita a unha fábrica de queixos (QUEINAGA) onde vimos como recollían os queixos xa elaborados e como limpaban os cacharros onde se fabrican. Alí só fabricaban dous tipos: o normal e o de tetilla. Ó remata-la visita os membros da fábrica agasalláronnos cunhas bandexas de queixo para degustalo. E, por certo, ¡estaba boísimo!

De volta outra vez no instituto, fomos recibidos polo mesmísimo director do centro, quen se dirixiu a nós para agradecerno-la visita e entregounos unha preciosa figura de Sargadelos para o noso instituto. Como remate, tivo a amabilidade de mostrárno-lo centro. ¡Se virades que centro!: taller mecánico, varias aulas de informática, ascensores, un ximnasio xigantesco... en fin un instituto moi completo e fermoso.

Algúns/algunhas tomaron aquela recomendación das profesoras de confraternizar moi en serio. ¡vaia se o fixeron! Se os deixamos quedar alí formarían unha familia ¡coitadiños eles/as! Xa vedes que voltamos, pero algúns máis toliños.

Noelia Casteleiro, Sonia Dapena e Leticia Sánchez
4ºB

ELECCIÓNS ALÉN O MAR

O país do tío Sam está a vivir un dos seus espectáculos máis importantes. Non é a final da NBA, nin da Superbowl, nin das Olimpíadas, son as eleccións que darán o nome de que será un dos homes máis importantes do mundo de aquí en catro anos.

Nos Estados Unidos úsase o bipartidismo: os dous partidos maioritarios, Demócratas e Republicanos, son os que entran ó final na votación. Despois de oito anos de mandato demócrata sen demasiados problemas, o actual presidente ten que retirarse pola lei que prohibe que un americano estea máis de dúas lexislaturas no poder. Mais iso non que re dicir que este partido leve as de perder. Bill Clinton deixa o relevo ó que fora a súa man dereita, Al Gore, quen, malia ter a colaboración (a priori) do querido Bill, adoece de falta de carisma (cousa que tamén lle achacan ó noso Aznar) o que pode actuar na súa contra fronte á arroladora personalidade do seu contrincante; sen embargo tamén ten cualidades favorables: é un home serio, amable e intelixente.

Pola outra banda, os Republicanos escolleron a George Bush, aínda que ó principio parecía imposible que saíra elixido, pasados os meses foi gañando popularidade. Bush, fillo do expresidente do mesmo nome, é un home ó que lle gusta dar espectáculo (calumniar, actuar...). Un dos seus problemas é que, como gobernador de Texas, ten firmado moitas condeas a morte, o cal provoca o rexeitamento de moitos votantes. Ademais tivo un serio revés cando, nun programa de televisión lle preguntaron sobre política internacional e non soubo responder. Sei que neste momento é xa case un catedrático no tema, e é que quen non se prepara é porque non quere.

Eles fixeron o imposible por captar votos, agora tócalle ó pobo elixir ó seu candidato (por certo, EEUU ten uns índices de votantes moi baixos). Algúns xa o tiñan decidido, outros foron captados polas súas campañas, pero moitos o que fan é entrar na cabina e votar ó que máis rabia lles dea, porque ¿que pode facer un voto? En parte teñen razón, aínda que se moitos fan o mesmo, poida que un dos homes máis importantes do mundo estea na presidencia por casualidade e non polos seus méritos.

Daniel Castro 1º BAC



¿E TI QUE OPINAS?

Tema: O inicio de curso e os seus problemas.

É evidente o problema que atopamos este curso no instituto, a chegada dos novos estudante do 1º ciclo da ESO provocou unha serie de prohibicións que afectou, sobre todo, ós alumnos de COU. Isto conleva determinadas situacións cómicas parecidas ó xogo do escondite. Unha delas é a de fumar dentro do recinto escolar: é natural, posto que compartimos centro con alumnos de 11 anos ós que daríamos mal exemplo e ós que poderíamos incitar. Aguantar seis horas sen fumar é un calvario para algúns alumnos, algúns maiores de idade e case todos co hábito xa formado, e suponse que tamén para os profesores, cunha salvedade, estes últimos teñen zonas habilitadas onde non os ven e ás que os alumnos non poden acceder. Entre estas estancias atópase a secretaría e algúns seminarios. Entre tanto compartimento, e vendo que os profesores que fuman teñen os mesmos problemas que os alumnos, deberían compartir estas zonas ou habilitar unha para estudantes. Ademais, paréceme esaxerado que o prohiban ó aire libre onde a contaminación do aire é nula. Por iso, para unha mellor convivencia entre alumnos, pedimos que se deixe fumar, aínda que só sexa nunha zona especial e restrinxida para fumadores.

Verónica Fernández Varela COU2

Os problemas que hai este ano no instituto son moitos e de moi diversa índole; entre eles podemos salientalo portal pechado. Non é que sexa un problema para morrer ninguén, pero para os que estabamos afeitos a saír a dar unha volta no recreo amólanos non poder facelo. ¿E por que? Pois porque a non sei quen se lle ocorreu deixar baleiros os colexios de ensinanza básica e masifica-los institutos, coa conseguinte entrada de rapaces moi pequenos, o que fai que os profesores teñan que estar pendentes deles e, para poder cumprir esta vixilancia, a nós quitáronnos esa liberdade á que estabamos acostumados.

Non sei cal sería a solución, pero paréceme moi oportuno que se leve este tema ó Consello Escolar para tratar de atopala máis axeitada, xa que parece que non están dispostos a ceder abríndoo sen máis. Posiblemente os nosos pais terán que firmarnos un papelíño conforme nos deixan saír a dar unha volta, para así librar da responsabilidade ós profesores do que nos poida pasar (esperemos que non sexa nada).

Oxalá que isto se aclare e poidamos ir pasear por fóra saíndo polo portal normalmente, porque se non, cando cansemoñ de estar aquí metidos durante tanto tempo, imos ter que buscar outra vía para marchar do centro



¿E TI QUE OPINAS?

por uns intres.

No noso derradeiro ano no instituto (esperemos que sexa así) as nosas liberdades vense considerablemente reducidas por uns inconvenientes que todo o mundo coñece e que están a facer que os profesores nos perdan esa confianza que se supón que nos dan ó comenzo. Por iso teremos que por TODOS algo da nosa parte para que esta se restableza.

Noemí Lorenzo Pérez COU2

¡Que bonito!

¡Que bonito e que ben estabamos antes! Agora xa nada é o mesmo, co tranquiliños que estabamos antes de chegaren os da nova xeración do futuro.

Eu non pretendo criticar a ninguén e tampouco digo que agora vaíamos nós de xefes, porque non hai que esquecer que os de COU pasamos tamén polo noso 1º ano no instituto, pero a verdade é que este ano estamos pasando moitas calamidades.

Trátasenos coma se fosemos nenos pequenos, todo son normas: non fumar, non saír, gardas dentro da aula... estamos verdadeiramente agobiados, principalmente porque o noso ano é un ano super difícil (e sabemos que a iso ninguén lle pode facer nada) pero é que aínda por riba, súmanseno-las trabas e inconvenientes que lles corresponderían unicamente ós alumnos de ESO. Temos que estar todo o día na mesma aula, na que ás veces cheira fatal porque as aulas están saturadas de xente e o ambiente está cargado de máis. E por se fora pouco, tampouco nos deixan saír nos nosos únicos momentos libres, cando falta un profesor.


Clara Prego e Irene Ameneiros COU1 e 2

¡Que bonito! É o que dician elas...¡Pois non! A pura verdade é que si, algúns andamos todo o día dando a vara, pero outros non. Ademais nós tamén témo-los nosos problemas: maiores que se queixan de nós (cando os pelmazos son eles) supoño que para facerse os santiños cos profesores. ¡Ah! E a aula apestosa tamén nos toca a nós ás veces. E se iso vos parece pouco ¿que vos parecen os chicles, as pintadas, os buratos, os vaciles...?

En definitiva, menos queixarse e menos falar.

David Pena IESO B





O MAGOSTO


E todos andabamos a comer castañas e a beber mexunxes de cores. (Dos mexunxes falarei logo un pouco). E todo semellaba moi normal, civilizado. Alumnos, pais (dalgún xeito), profes: todos remexidos gracias ás castañas. No fondo para eso debería servi-lo magosto, ¿ou parécovos pouco?

Mais había pretensións de convertilo nun acto un pouco máis intenso, máis creativo e formativo. E a castaña serviu tamén de xustificación para reflexionar graficamente sobre a alimentación (tema cada vez máis preocupante neste mundo no que oscilamos entre fames por defecto e fames por exceso), manifestando a alegría e entusiasmo dos alumnos cando poden participar doutros xeitos na vida do centro, e non só pasivamente; aínda podemos ver as montaxes que cáese sen medios foron quen de amañar a tempo para invadir o noso vangardista corredor. Pero tamén foi a excusa para a música, para disfrutar de Trevinka, grupo que dende abaixo promete ir cara ó máis alto, e que nos permitiu descubri-la cara lírica do noso profesor de filosofía (aínda teño que pedirlle a letra de Tesouros, e vós deberíades facer o mesmo).

En fin, que ata aquí todo maravilloso, pura harmonía. Pero...

Non é ouro todo o que reloce. A organización (basicamente, eu) cometeu os seus erros -pídolle, por exemplo, disculpas a Olga e ós seus frautistas-, e os participantes tamén pecaron de seu. Os actos deste tipo supoñen unha alteración total no ritmo do centro, unha ruptura co funcionamento normal; se queremos que poidan levarse a cabo é necesaria unha colaboración por parte de todos, non só na parte agradable, senón tamén na desagradable: limpeza dos espazos emporcallados, colocación do mobiliario, etc. Tamén sería desexable que os alumnos entenderan que no fondo todo é para eles, polo que xa non faría falta que se lanzaran como salvaxes ó máis puro bandoleirismo (algúns, por suposto), e aquí é onde estou outra vez falando dos xa citados mexunxes: a bon entendedor abundan poucas palabras.

por Xosé Luís Mosquera.



UN MAGOSTO MOI ALIMETICIO

Pois si, este ano o Magosto no instituto foi especial. Por primeira vez esta celebración ocupou toda a mañá. Pode parecer increíble, pero é certo: a dirección, o profesorado e todo o alumnado colaborou no programa de actividades que se propoñía e, a pesar do mal tempo que non permitiu a organización de actividades no exterior do edificio, cando todo rematou, non se tiña a sensación de perda de tempo.

O programa de actividades incluía como novidade especial a realización dun mural polos distintos grupos de alumnos e de alumnas nas dúas primeiras sesións. Este mural debería recoller a través de imaxes as distintas facetas suxeridas pola palabra *alimentación*.

Pero ¿cal foi a orixe desta movida?

Como ben recordaredes, o curso pasado foi premiado o traballo *A Guía para un consumo responsable do chicle* que presentaron varios alumnos e alumnas de 4º de ESO: Este premio propiciou a posibilidade de que o IES de Mugardos sexa un dos tres centros que este ano se incorporen en Galicia á Rede Europea de Educación ó Consumidor; para eso tivemos que presentar un proxecto para tres anos con actividades trimestrais; este proxecto leva o título xeral *Por unha alimentación globalizada*. A posta en marcha deste proxecto foi a elaboración e presentación dos 13 impresionantes carteis que adornan o noso habitáculo escolar. A capacidade de traballo e imaxinación do alumnado superou as expectativas previstas sorprendendo ós máis escépticos e escépticas (esto do xénero é unha lata, espero que me disculpedes se me esquezo): miles e miles de imaxes conforman un xigantesco panel de 28 metros de lonxitude no que a alimentación pode contemplarse en tódalas facetas posibles. (¡Agora sabemos que é posible deseñar actividades para todos e todas, sen problemas de idades ou niveis!)

Nas dúas sesións intermedias da mañán o magosto foi o protagonista principal do programa admitindo como compañeiros de reparto a outros froitos secos que, coa castaña son.....¡as mellores chuches!. Como novidade con respecto a outros anos propoñíase a realización dun test baseado na información sobre aspectos do magosto que se expuxo en paneis na biblioteca do centro. O tradicional reparto de castañas foi acompañado de textos recitados polas *castañeiras* e foi un reparto total, non quedou rincón do instituto, tanto dentro como fóra, sen probar castaña; mesmo ás veces chegou a ser un reparto tridimensional: as castañas circulaban de esquerda a dereita, de diante a atrás e de arriba abaixo.

Todo rematou co reparto de bolsas de froitos secos. O plural de froitos neste caso débese ó colectivo representado en singular por unha noz, un figo, unha avelá,...¡Pero seguro que eran as mellores chuches! (polo menos as máis sas).

Como se di en Galicia ó remate dunha festa ¡DE HOXE NUN ANO!

Covadonga





O "BAR COYOTE" NON NECESITA CORRECAMIÑOS

Non se sabe exactamente en que se basou David McNally, o director do "Bar Coyote" para escribi-la trama argumental da película, pero o que ben é certo é que os resultados foron óptimos.

Piper Perabo encarna a Violet Santford, unha rapaza de 21 anos que vai a Nova York para tentar facer realidade o seu soño de converterse en cantante e compositora. Ata agora Violet sempre fora a nena de papá, pero chegado o momento de construí-la súa propia vida e persegui-los seus soños, despídese do pai e múdase a un apartamento de Manhattan. Sen embargo, o camiño ó éxito non é nada doado. Vive nun cuchitril e despois de ser rexeitada unha e outra vez polas discográficas, descobre o seu pánico a subir ó escenario. Entón dúas cousas cambian na súa vida. Primeiro, coñece a Kevin, que se convirte no seu máximo admirador e vai axudala a conseguilo éxito; e segundo, atopa traballo no Bar Coyote, un garito no que as camareiras son as principais estrelas protagonistas: cantan, bailan, e animan ó persoal. Ó principio Violet séntese fóra de lugar, pero remata sentíndose coma unha raíña rodeada de glamour.

Ó cabo de tempo, Violet consegue unha nova oportunidade. ¿Aceptará a posibilidade de triunfar a cambio de renunciar á liberdade creativa que alcanzou no bar?

A loita por alcanza-los soños, a amizade e o amor son as claves das protagonistas desta película. As coreografías sobre a barra son alucinantes. ¡Sairás do cine con ganas de bailar!. Esta película estadounidense, que está a rachar coas recadacións de taquilla, destaca quizáis polo pouco convencionalismo ó que estamos afeitos co cine americano.

Iria Rodríguez COU2

South Park (Parque do Sur)

Esta película conta as peripecias de dous cativos que queren salvar a dous cómicos algo maleducados.

Todo comeza cando Stan (un dos da panda), envolve ós seus catro amigos para ver a película *Buratiños de ferro* de Terrance e Philip, dous cómicos canadinos. A película usa un vocabulario non recomendable que fai que os nenos se animen a imitalo.

As nais dos rapaces fan unha asociación contra o Canadá e así comeza unha guerra e apresan a Terrance e Philip. Pola súa banda, os nenos crean un grupo para salva-los presos chamado *La Resistence*. Conseguen o seu obxectivo, pero non poden eviter que Philip morra por culpa dunha nai que dispara contra el. Nese momento, aparecen en escena Satán e Saddam Juseín, que se aliaran para que Satán puidese volver á vida. Juseín morre vítima do *chip antipalabrotas* que leva Cartman na cabeza. Satán acaba dicindo que quere un mundo azul con nenos.

Aínda que a trama da película vese interrompida moitas veces por cancións, en xeral gustoume moito. A escena máis espectacular é cando Kenny morre e vai para o inferno: os efectos especiais fan que as labaradas de lume parezan monstros e a música desa parte é xenial.

Juan Mª Díaz Riveiro



Todo Música

O QUE RACHA ESTE OUTONO

"O Outono, o sangue altera". Baixo este lema, aínda que non rime, poderíamos explica-las moreas de discos que se están a producir no que vai de Outono.

Artistas españois tan internacionais como o mesmo **Alexandro Sanz**, ou outros grupos como **A Orella de Van Gogh**, **Raúl**, ou os irmáns cataláns que acaban de da-lo gran salto ó mundo da fama, os **Estopa**, elixiron estas datas para sacar á venda os seus últimos traballos.

A música galega tamén está pegando forte nas listas dos máis escoitados, como por exemplo o noso máximo representante na actualidade, **Carlos Núñez**, ou as mesmas **Cristina Pato** e **Susana Seivane**, a filla do coñecido Seivane.

Xa no ámbito internacional, son gran cantidade de artistas os que tamén optaron por sacar á venda os seus discos. Os nosos irmáns latinos como os portorriqueños **Chayanne** e **Ricky Martin**, o mexicano **Luis Miguel**, e a italiana **Laura Pausini**, que estaba un tanto "olvidada" dende o seu traballo anterior.

Dentro dos artistas de fala inglesa, os **Bakstreet Boys**, **Wetlife**, **S Club 7**, **The Moffats**, ou os solistas como **Melanie B**, a compoñente das case desaparecidas **Spice Girls**, o inglés rebelde **Robbie Williams**, que ultimamente está adquirindo unha importante relevancia a nivel internacional, etc.

Cada vez son máis os artistas que se inclinan a cantar en español os seus temas, como é o caso de **Christina Aguilera**, ou os **N. Sync** grupo estadounidense no cal un dos seus compoñentes ten antepasados latinos.

Tamén me gustaría destaca-lo novo traballo de **Mago de Oz: Finisterra**. Estes madrileños quixeron recoller no seu disco as andadas dun peregrino cara a Compostela. Txus, batería e compositor de case tódalas cancións do grupo, desenvolveu unha novela, en realidade futurista, que fala de ata onde pode chega-lo home co progreso. A súa liña argumental poderíamola resumir como segue: Eran tempos duros, corría o ano 2199. A civilización desaparecera, a miseria, a fame e as ditaduras, apoiadas polos países ricos, fixeron que a principios do século XXI, o chamado terceiro mundo se levantara en armas e se agrupara baixo o denominado *Batallón da Cochambre*. Esta organización conseguiu que se abancaran os cementos do estado do ben estar, do soño americano e do romanticismo de París.

O encontro dun antigo CD ROM, unha reliquia do século XX, desvela a estraña historia dun enigmático peregrino – en realidade é o demo – que a principios do século XVII percorre o camiño de Santiago. Vai acompañado do espadachín a soldo **Diego Cortés**, encargado de velar e custodiar un pequeno cofre que o misterioso anciano leva en ofrenda ó Apóstolo. Este peregrino vai absorvendo emocións durante o camiño e, ás portas de Santiago e logo de matar a **Diego Cortés**, ten unha conversa con Deus. Máis tarde, na catedral, deixa a súa ofrenda: o cofre. Nel, e froito de todo o que veu e aprendeu no camiño, está o progreso. E como símbolo do seu poder e da ansia do home de ir en contra natura, un CD ROM.

Neste disco podemos atopar dende cancións tradicionais como *Astharoth*, *Maitte Zaitut*, ou *Duerme* e mesmo o *Conxuro da queimada*, unha canción en galego, ata cancións do propio grupo como *Fiesta pagana*, *El que quiera entender que entienda*, *Santa Compañía* ou *Hasta que el cuerpo aguante*. Iso si, todas elas co toque propio de **Mago de Oz**.

A canción que dá nome ó disco *Finisterra* é un tema moi complexo de 15 minutos de duración. Nelá atopamos gran variedade de ritmos e temas: a historia da chegada a Santiago, as críticas á sociedade, ós informativos e o avance cara ó futuro.

Finisterra é, sen dúbida, un deses discos que figurará con letras de ouro na historia da música, e na carreira do seu grupo.

P.D.- Lembraide, ¡non pirateedes!, que é malo para o comercio español e bó para só uns poucos.

Iria Rodríguez e Mª Luisa Piñeiro COU2



O Cartafol recomendache



UN LIBRO: *Arredor de si* de Ramón Otero Pedrayo
Nestes tempos de *negros*, escándalos editoriais, escritores que escriben e non cobran e escritores que cobran e non escriben, non viría mal lembrar que segue a existir, á parte de case todo e acochada, resistindo nun recuncho coma aquela aldea gala, a literatura de verdade. E, aínda que houbo unha nutrida representación galai-ca no grupo daqueles que escribiron porque tiñan algo que dicir, aquel xeógrafo gordocho, anticuado e fidalgo parécenos un bo exemplo. Non saberíamos dicir se é o mellor, pero si que nos parece o máis sincero dos libros que lemos en galego (deste e doutros autores) quizais porque o autor retrátase nel a si mesmo. Pódese considera-la historia da conversión ó galeguismo do propio Otero; o itinerario espiritual, intelectual e vivencial do grupo Nós ou o introductor de camiños narrativos na nosa literatura intransitados antes. Libro polisémico e cumpridor daquela regra de Italo Calvino segundo a cal a clásica é aquela obra de arte que sacode os discursos sobre ela (coma este) coma se fosen po, mantendo intacto o seu sentido e valor.

UN DISCO: *Wish you were here* de Pink Floyd
Dende os seus comezos no mundo do ácido rock psicodélico de Londres de finais dos sesenta ata a súa retirada do mundo da música no Concerto en Venecia, Pink Floyd foi unha das bandas máis persoais do que hoxe damos en chamar rock sinfónico. De entre tódolos seus discos sobresae, ó noso xuízo, *Wish you were here* que, malia a non ter chegado á popularidade de *The Wall* ou *Dark side of the moon* ou á depuración estilística de *Concerto en Pompeia*, ten pezas que nos remiten ós ecos máis tenebrosos da banda e outras dun inusitado rexistro case sentimental coma a canción que dá título ó disco.

Por último salienta que este disco é un perfecto exemplo de cómo empregar sintetizadores e elementos electrónicos e facer boa música. Lección da que deberían ir tomando nota personaxes coma Jean Michel Jarre.

UNHA PELÍCULA: *Inferno* de Darío Argento.

Unha millonaria lesbiana e heroinómana salvaxeiramente apuñalada, unha poetisa semidecapitada polo cristal dunha fiestra rota, un libreiro coxo e malencarado comesto polas ratas, dous criados conspiradores e malvados queimados vivos, un home cun coitelo atravesándolle o pescozo. Espectadores con problemas cardíacos: abstense.

Darío Argento é o último creador de cine de terror europeo á vella usanza, un poeta da destrución, un esteta da morte que entende o asasinato coma unha das belas artes e pon en práctica a súa imaxinación neste senso. Argento recolle a tradición italiana do fantástico (Bava, Fredda...) e imprímelle as súas particulares influencias. Dos seus precursores recibe o furioso sentido cromático no cine de terror e engade de seu o gusto polas artes plásticas, o rock e os efectos especiais truculentos. Desta feliz mestura nace unha adaptación de *Suspiria de Profundis* de Thomas de Quincey claustrofóbica, ambientada nun Nova York art-decò e punteada por unha banda sonora estupenda de Keith Emerson (integrante do mítico grupo Emerson and Palmer).

Atención ós dous momentos da cinta nos que se introduce a Verdi que son pura inquietude e debían servir ós creadores de *Scream* e subproductos polo estilo de lección.

UN CÓMIC: *Fanhunter* de Cels Piñol (Ñolo).

Este cómic dende principios dos '90 convertiuse nunha seria ameaza para grandes debuxantes en lingua castelá coma Ibáñez ou Jan. Dende unha perspectiva máis underground cós debuxantes mencionados e cun debuxo sen grandes artificios fíxose un oco na, case inaccesible para os españois, Forum. Gracias a tiras coma "Fan con nata" ou "Fan letal" que aparecían ó final do cómic *Marvel* e satirizaban o mundo dos coleccionistas. De aquí o autor pasou a escribir unha serie de cómics-book cheos de humor sobre un mundo futuro distópico no que as diversións están prohibidas, e foi con esta serie (*Fanhunter*) coa que conseguiu os seus meirandes éxitos, chegando a ter dende o '98 unha serie regular.

Elexía a Castelao a cerca das verbas do *Alba de Groria*

É importante que, no ton de sinceridade que vai presidir este escrito e para quitarlle ferro ó sentimentalismo que pretendo que teña, recoñeza que a primeira (e única vez) que lin o *Sempre en Galiza* foi por motivos pura e absolutamente mercenarios. E non só iso, senón que ademais a miña opinión sobre esta obra como ensaio é moi crítica e non favorable.

¿Que me motiva a escribir, entón, sobre este libro? A febre Castelao pasou xa e o noso boletín fíxose eco dela a través de dous estupendos artigos que analizan ó Castelao racional e ideolóxico que defendeu as súas ideas (ás veces moi discutibles, para mostra o "Diario de 1921"). ¿Pero que é do Castelao sentimental?

Sempre en Galiza non é o guieiro ideolóxico de tódolos galegos no exilio, o *Sempre en Galiza* é o guieiro sentimental dos galegos exiliados. *Sempre en Galiza* é un laído cheo de morriña pola terra que Castelao perdera xa para sempre. Mais alá das consideracións sobre o absolutismo centralista castelán, da memoria sobre a Segunda República, as aldraxes a Casares Quiroga ou ó propio Vicente Risco e a defensa do federalismo, máis alá de todo isto temos que busca-la verdadeira mensaxe. Un río para que teña o valor de escoitalo, un río por onde flúe a alma de Daniel, do Daniel que perde a Bóveda na guerra, do Daniel que houbera morto por dete-la contenda que asolou tres anos o país e do Daniel do exilio que morrerá lonxe da terra.

Así a grandeza do *Alba de Groria* non está na exaltación desa Santa Compañía de galegos ilustres, senón nesa semblanza da terra que fai Castelao. Terra na que de pequeno aprendeu a fala-lo galego dos mariñeiros (por iso é Castelao o mellor prosista da primeira metade do noso século, porque a súa lingua nace espontaneamente e o seu emprego non é unha toma de conciencia, porque coma Rosalía séntese co pobo dun xeito tan natural que non se lles pasa pola mente xustifica-lo que neles é unha vivencia necesaria), terra na que estudou, casou, na que o seu fillo morreu, na que loitou e traballou arreo e con ilusión, terra á que estaba ligado pola íntima cadea da alma. Pensemos agora no Daniel que, a bordo dun barco, se fita a si mesmo na auga e ve un rostro cansado e vello, xa derrotado.

Aquel barco devolvería a Castelao a Arxentina onde só lle quedaría exercer como líder do exilio con Alonso Ríos. Pero xa pouco faltaba para que a pálida dama levase ó noso amigo. Algúns din que o matou un cancro de pulmón, eu prefiro pensar que, se como dixo o máis grande dos nosos poetas "a morriña é a saudade fisicamente dolorosa", a dor da morriña desgarraba a alma de Castelao.

Mentres o corvo levaba a Castelao, na súa terra algúns xoves e non tan xoves soñaban con rematar coa *longa noite de pedra* e poder ir un día do Caurel a Compostela por terras liberadas, pero iso é xa outra historia.

Noel Blanco 1ºBAC

Noel Blanco e Daniel Castro 1ºBAC



¡Pola conservación do medio ambiente! Este podería se-lo eslogan que encabezase a propaganda do uso dos contenedores selectivos. Neste primeiro artigo do curso traémosche as novas relacionadas con este tema.


Cando paseamos polas nosas vilas, coma Mugar dos ou Ares, non é difícil atopármolos con eses contenedores que son diferentes entre si: uns son grandes e outros pequenos, hainos azuis, verdes, amarelos ou grises. Cada un deles permítenos que dividámo-los nosos desperdicios segundo sexan vidros, papeis ou cartóns, plásticos, latas ou residuos orgánicos.

Os que fixemos este artigo preguntámonos ¿tantos contenedores para que? ¿utilizámoslos? Imos aportar algúns datos: nove de cada vinte alumnos sometidos á enquisa declara que utiliza a miúdo os diferentes contenedores (como hai que facer ¡si señor!), outros tantos utilízanos de cando en vez (todo se pode mellorar) e para rematar un dato lamentable, segundo con que ollos se vexa, dous de cada vinte alumnos admiten non os utilizar nunca.


A ecopáxina non pode máis que loa-la iniciativa dos alumnos de 2º de ESO do noso instituto para evita-la proliferación dos vertedoiros incontrolados no noso concello. A idea de participar no concurso de Voz Natura ,limpando o noso entorno de desperdicios, xurdiu hai tres anos (máis ou menos) de Marisa, a profesora de inglés (para que vexades que os profes tamén traballan fóra do instituto). Froito deste proxecto é a recuperación dun lavadoiro nunha fonte en S. Antonio de Simou.

Por se aínda non o sabíades, comentármolos que actualmente o noso instituto está participando nun concurso organizado pola Xunta de Galicia que consiste na recolección de pilas usadas. Cantos máis quilos teñamos, máis posibilidades de gañar un millón de pesetas do primeiro premio (¡quen o dera pillado!), ou as cincocentas mil pesetas do segundo (para podernos consolar) ou as dúascentas cincuenta mil pesetas do terceiro premio (menos dá unha pedra). Por iso, desde a redacción do Cartafol pedímo-la vosa colaboración. Se vos queredes informar mellor sobre o concurso, poñédevos en contacto con Marisa, a profesora de inglés, a mesma de Voz Natura. ¡Ah! e mentres tanto traede moitas, moitas pilas, porque xa se sabe: *graiño a graiño enche a galiña o seu papiño.*

Luz María Freire, Santiago Malvárez e Carmen B. Parga 4ºESO e.1ºBAC




Aries: Mala etapa nos estudos. Concéntrate ou predera-la cabeza, tanto mirar ó sexo oposto distráete.



Tauro: Aforra cartos, é inútil que mandes flores a quen non che fai caso. Acabaron no saco do lixo. Parvo, máis que parvo.




Xéminis: Quizais deberías cuestionarte muda-la túa segunda cara, é demasiado forte para convivir coa xente.



Cancer: Mira ó teu redor, tes unha persoa que te pretende e que pasará a ser alguén moi importante na túa vida.




Leo: Déixa de prestar tanta atención a es@ profesor@ que tanto che gusta, porque te vai suspender igual. Pero ¿que importa un suspenso na túa vida?




Virgo: O teu sentido do ridículo porase a proba esta tempada: bailando na discoteca zouparás ó pé da persoa que ocupa o teu corazón.




Libra: A túa cabeza xoga a dúas bandas, ¿que tal se se te paras a aclara-las túas ideas? Ademais vaiche saír un callo de tanto escribir, ¡ten coidado!



Escorpio: Esa pingueira que tes enriba do teu escritorio non é a causa dos teus fracasos, simplemente...¡cambia de mesa!




Saxitario: Diñeiro extra. Xoga á quiniela que se cadra tócache (de ilusións tamén se vive).



Capricornio: Tanto turrar no campo de deporte para conseguí-los teus propósitos vai acabar contigo. Vai considerando seriamente unha visita a ese home da bata branca.



Acuario: Como sigas nese plan de rebo-te continuo racharás coas amizades e terás que facer iso que tan pouco che gusta: pedir disculpas. Ti coma Tamara: "non cambiei, non cambiei, non..."



Piscis: Estás de sorte. Nestes momentos todo che irá ben, serás coma un 4x4 en vitalidade, enerxía e ganas de vivir. ¡Arrasando!

Noemí Lorenzo, Iria Rodríguez, Verónica Fernández e María Luísa Piñeiro COU1 e 2



Más Verzas

Más Verzas

B	A	L	E	A	M	J	Y	R	E
H	K	L	Ñ	L	O	U	T	E	W
C	E	R	F	E	G	A	R	T	B
A	M	M	O	D	N	Ñ	A	V	O
B	T	G	T	A	U	I	T	J	L
A	F	K	A	C	J	D	O	J	L
L	R	T	P	T	H	R	R	F	E
O	S	D	F	W	O	A	D	G	O
D	A	A	V	O	Ñ	S	L	L	C
F	G	H	J	L	M	E	R	L	O

Busca dez animais

¡ADIVIÑA!

Unha señorita moi aseñorada chea de remendos
sen unha puntada

¡ADIVIÑA!

"Alto pipín redondo molete, que chova ou que
neve non se derrete"

¿que é?

¿QUÉ É ISTO

PUN PUÑETE

E ¿ISTO OUTRO?

PAN DE MOLETE

¿QUÉ HAI POR DENTRO?

PAN DE FORMENTO

¿QUÉ HAI POR FORA?

PAN E MIOLA.

A MIAÑAR, A MIAÑAR

E O QUE RÍA, HA DE PARAR.



¿A quen se che imitan estes
cándidos infantés?

